

Audiovisual	COMO CANS E GATOS
Obxectivos	• Coñecer as diferentes normativas legais que afectan ás nosas mascotas. • Reflexión sobre a tenza responsable de animais domésticos. • Valoración sobre a necesidade desas normativas
Contidos	• As normativas legais que afectan ás mascotas. • As orixes das nosas mascotas. • O maltrato animal na nosa sociedade. • As especies invasoras e os seus efectos no medio. • A orixe xeográfica dos nosos animais domésticos e a ruta da súa domesticación. • Rutas no mundo de comercio de especies animais e vexetais. Casos positivos e casos negativos.
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Abordaremos os diferentes contidos mediante unha charla explicativa soportada sobre unha proxección. Inclúense trucos interactivos co fin de favorecer a participación. Incorpóranse animacións en flash para unha maior comprensión dos contidos a tratar.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LDC
Xogo	A GRAN VIAXE DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS
Obxectivos	• Coñecer a orixe dos animais domésticos no mundo. • Reflexión sobre os beneficios que nos reportaron e o uso que facemos diso. • Valoración sobre as consecuencias do comercio mundial de biodiversidade.
Contidos	• Identificación das mascotas máis singulares: as máis comúns e as máis raras. • Hábitats de orixe e formas de vida destas especies.
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	Faremos 4 grupos. Cada un deberá avanzar contestando unha serie de preguntas, identificando erros, ou secuenciando unha serie de pistas. A súa progresión no xogo vese documentada por unha proxección.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LDC. Altoparlante wireless para sons. Cartolinas con puntos obtidos.
Visita guiada	CANCEIRA MUNICIPAL DE BENS
Obxectivos	• Coñecer as normativas que regulan a tenza de cans na cidade e facilitan a convivencia destes coa poboación. • Reflexionar sobre a problemática do abandono e maltrato animal nunha especie moi urbana e historicamente vinculada ao home. • Experimentar as principais pautas de conduta dos cans na súa relación coas persoas.
Contidos	• Principais soportes da loita contra o abandono: tenza responsable, identificación con microchip, cría responsable. • Principais pautas na conduta canina. A expresión das emocións no can.

	• Normas de conduta, educación e convivencia de humanos e cans no medio urbano e rural. • A adopción de cans abandonados e a compra de individuos de raza definida.
Desenvolvemento da actividade e Metodoloxía	O desenvolvemento desta visita e os seus contidos divídese en dúas partes: a) charla e proxección: será impartida polo veterinario/a responsable da canceira e o educador/a responsable da visita. Entre outros temas, veremos nesta parte como funciona a clínica veterinaria e como é o protocolo no centro, dende que se recolle a un animal ata que é devolto ou adoptado. b) Visita aos canís: coñecemento da problemática do abandono, e contacto con algúns dos cans recollidos.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LDC.